



## **INSTRUCCIÓN A TER EN CONTA PARA EFECTUAR A MATRÍCULA**

**BACHARELATO TELEMÁTICO e SEMIPRESENCIAL A DISTANCIA**

**Curso 2010-2011**

As persoas que desexen matricularse no Bacharelato Telemático e Semipresencial a Distancia deben de ler con moita atención estas instrucións antes de cubrir o impreso de matrícula.

## **1.- Modalidades de Bacharelato**

No curso escolar 2010/11 as modalidades do bacharelato que se ofertan son as seguintes:

- **Humanidades e Ciencias Sociais**
- **Ciencias e Tecnoloxía**

**(Circunstancias de matriculación no Bacharelato para persoas adultas Consultar o recadro da páxina 7)**

### **Materias de Bacharelato**

O bacharelato está composto por tres tipos de materias:

- Comúns
- Propias da Modalidade
- Optativas

## 1º CURSO

|                                       | MATERIAS COMÚNS  | PROPIAS DA MODALIDADE   | OPTATIVAS   |
|---------------------------------------|--|---|---|
| <b>Humanidades e Ciencias Sociais</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Ciencias para o Mundo Contemporáneo</li> <li>•Lingua Galega e Literatura I</li> <li>•Lingua Castelá e Literatura I</li> </ul>                  | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Historia do Mundo Contemporáneo ⇨ obrigatoria</li> <li>•Latín I</li> <li>•Grego I</li> <li>•Matemáticas Aplicadas I</li> <li>•Economía</li> </ul> <p style="text-align: right;">} elixir dúas</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Antropoloxía</li> <li>•Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC)</li> <li>•2ª Lingua Estranxeira I: inglés ou francés (a elixir)</li> </ul> |
| <b>Ciencias e Tecnoloxía</b>          | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Filosofía e Cidadanía</li> <li>•Educación Física</li> <li>•Lingua Estranxeira I (inglés ou francés)</li> <li>•Relixión (voluntaria)</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Matemáticas I ⇨ obrigatoria</li> <li>•Física e Química</li> <li>•Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>•Debuxo Técnico I</li> </ul> <p style="text-align: right;">} elixir dúas</p>                        |   |

## 2º CURSO

|                                       | MATERIAS COMÚNS  | PROPIAS DA MODALIDADE  | OPTATIVAS  |
|---------------------------------------|--|--|--|
| <b>Humanidades e Ciencias Sociais</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Historia de España</li> <li>•Lingua Galega e Literatura II</li> <li>•Lingua Castelá e Literatura II</li> <li>•Historia da Filosofía</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Xeografía ⇨ obrigatoria</li> <li>•Latín II</li> <li>•Grego II</li> <li>•Matemáticas aplicadas ás CCSS II</li> <li>•Economía</li> <li>•Hª da Arte</li> <li>•Literatura Universal</li> <li>•Hª Música e danza</li> </ul> <p style="text-align: right;">} elixir dúas</p> | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Xeografía e Hª de Galicia</li> <li>•Literatura Galega do S.XX e da Actualidade</li> <li>•2ª Lingua Estranxeira II(inglés ou francés)</li> <li>•Xeoloxía</li> </ul> |
| <b>Ciencias e Tecnoloxía</b>          | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Relixión (Voluntaria)</li> <li>•Lingua Estranxeira II (inglés ou francés)</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>•Matemáticas I ⇨ obrigatoria</li> <li>•Física</li> <li>•Bioloxía</li> <li>•Debuxo Técnico II</li> <li>•Química</li> <li>•CC da Terra e Amb</li> </ul> <p style="text-align: right;">} elixir dúas</p>   |  |

## **2.- Requisitos para o acceso:**

**2.1. - Idade:** Poderá matricularse calquera persoa maior de dezoito anos ou que os cumpra antes do 31 de decembro de 2010, e aquelas persoas maiores de dezaseis anos que xustifiquen documentalmente que por razóns de traballo, saúde ou outras causas excepcionais non poden acudir a un centro presencial.

### **2.2.- Académicos:**

- **1º de Bacharelato:**

- ✓ Título de Graduado en Secundaria.
- ✓ Ter cursado 2º de BUP cun máximo de dúas materias pendentes.
- ✓ Ter superados os estudos do Primeiro ciclo do Programa Experimental de Reforma das Ensinanzas Medias (REM).
- ✓ Posuír o título de Técnico Auxiliar de Formación Profesional de Primeiro Grao.
- ✓ Ter superados os cursos comúns de estudos de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.
- ✓ Posuír o título de Técnico correspondente á Formación Profesional específica de grao medio.

- **2º de Bacharelato:**

- ✓ Ter cursado 3º de BUP con todas as materias superadas e título de bacharel. Os alumnos/as nestas condicións poden matricularse en calquera modalidade de Bacharelato, independentemente da especialidade pola que cursaran o 3º de BUP.
- ✓ Ter superado 2º de Formación Profesional de 2º grao (réxime xeral).
- ✓ Ter superado 1º curso dunha modalidade de Bacharelato experimental.
- ✓ Ter superado a segunda especialidade ou título de Graduado en Artes aplicadas e Oficios Artísticos.

### **3.- Outras cuestións que deben ser tidas en conta segundo as circunstancias dos alumnos/as:**

#### **3.1.- Alumnos/as con materias aprobadas no Bacharelato ordinario.**

O alumnado que se incorpore ó bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario (só as materias do último ano académico cursado) conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.

#### **3.2.- Alumnos que estudaron Ciclos Formativos.**

O alumnado que acceda ao Bacharelato dende os Ciclos Formativos de grao medio de Formación Profesional específica ou de Artes aplicadas e Deseño poderá validar as materias de Bacharelato, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **3.3.- Réxime de matriculación na modalidade a distancia.**

- a) Se un alumno/a se matricula de dúas materias de contidos progresivos, non poderá ser avaliado da de 2º sen ter superada, previamente, a de 1º. Isto afecta tanto ás materias comúns como ás de modalidade e optativas.
- b) Non se pode escoller como optativa a mesma lingua estranxeira que se escolleu coma materia común.
- c) No bacharelato LOE a materia de relixión é voluntaria.

#### **3.4.- Materias que debe cursar.**

Aínda que o alumno/a pode configurar un itinerario formativo libremente, se desexa conseguir o título de Bacharelato, debe cursar todas as materias comúns, tres materias de modalidade de primeiro e tres de segundo dentro da mesma modalidade, e dúas optativas.

#### **3.5.- Cambio de Materias ou Modalidade.**

Cando un alumno/a desexe cambiar materias, de modalidade ou de opción dentro da mesma modalidade pode facelo nos prazos legais establecidos (ata o 30 de novembro), sempre e cando curse as materias que precise para completar a nova modalidade ou opción, solicitándoo por escrito ante a Dirección do IES San Clemente.

En calquera caso, unha das materias de modalidade ou opción abandonadas que cursou en 1º valeránlle como materia optativa da nova modalidade.

#### **3.6.- Darse de baixa.**

O alumnado poderá dar de baixa a súa matrícula no bacharelato telemático e semipresencial a distancia, cun escrito dirixido á Dirección do IES San Clemente. O prazo máximo establecido para admitila será o 30 de abril do 2011.

#### **4.- OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO DOUTRA MODALIDADE DIFERENTE A CALQUERA DAS OFERTADAS POLO CENTRO:**

Os alumnos/as que desexen estudar unha modalidade de Bacharelato das que non oferta o Centro non poden facelo por este réxime. Aínda que cabería a posibilidade de que un/unha alumno/a procedente doutra modalidade de Bacharelato, se matriculase a distancia para completar materias comúns ou optativas que si se oferten neste réxime.

- O alumnado que finalice as ensinanzas profesionais de Música e Danza, obterá o título de **Bacharelato pola modalidade de Arte**, se supera as materias comúns do Bacharelato, de acordo co establecido no artigo 50.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Ademais poderán validar materias das ensinanzas profesionais de música e danza por materias do bacharelato conforme ao establecido na Orde do 27 de marzo de 2009.

Estes/as alumnos/as no momento de realizar a matrícula, deberán presentar xunto co resto da documentación un certificado de estudos emitido polo Conservatorio correspondente.

- O alumnado que teña aprobadas as materias de Tecnoloxía Industrial I e II e Electrotecnia pero teñan materias pendentes das que ofrece o IES San Clemente, poderán matricularse das mesmas e obter así o título de **Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía**.
- Para o acceso á Universidade e realizar as PAAU, os/as alumnos/as examinaranse ademais das materias comúns dunha materia propia de modalidade de 2º (se esta materia é de contido progresivo, o alumno terase que matricular tamén da de 1º).

## CIRCUNSTANCIAS DE MATRICULACIÓN NO BACHARELATO PARA PERSOAS ADULTAS CURSO 2010/2011

| <b>BACHARELATO A DISTANCIA SEMIPRESENCIAL E TELEMÁTICO</b>   |  |
|--|--|
| <b>Condições do alumnado</b>   | <b>Pode matricularse de</b>  |
| Non ten materias superadas de primeiro curso   | Materias de 1º e 2º curso, podendo facelo por curso completo ou por materias, de acordo co establecido no Plan LOE   |
| <b>Procede do Bacharelato Ordinario</b>  |  |
| Procede do bacharelato ordinario e ten 1º curso completo superado de bacharelato LOXSE                   | Incorpórase ao 2º curso, conforme a LOE, considerándose o 1º curso superado a todos os efectos.  |
| Procede do bacharelato ordinario e ten 1º curso superado de bacharelato LOXSE, excepto 1 ou 2 materias   | Incorpórase ao 2º curso de bacharelato LOE, e terá que recuperar soamente as materias non superadas de 1º curso LOXSE de acordo co currículo LOE, sen ter que cursar a materia de Ciencias para o mundo contemporáneo. |
| Procede do bacharelato ordinario, cursou 1º de bacharelato LOXSE, e ten máis de 2 materias non superadas | Terá que recuperar as materias non superadas de 1º de acordo co currículo LOE, e cursará a materia de Ciencias para o mundo contemporáneo. Poderá matricularse de materias de 2º                                       |
| Cursou 2º curso do bacharelato ordinario LOXSE e ten materias non superadas de 2º                        | Terá que recuperar soamente as materias non superadas de 2º, de acordo co currículo LOE. Por última vez, durante o curso 2010/2011 non é obrigatorio que curse a materia obrigatoria de modalidade LOE                 |
| Cursou bacharelato ordinario LOE   | Incorpórase ao bacharelato de adultos LOE coas especificacións propias do réxime de persoas adultas  |
| <b>Procede do Bacharelato de Adultos</b>   |  |
| Procede do bacharelato de persoas adultas LOXSE e ten materias pendentes de 1º curso                     | Terá que recuperar as materias de 1º non superadas de acordo coa LOE, non debendo cursar a materia de Ciencias para o mundo contemporáneo (última vez durante o curso 2010/2011)                                       |
| Procede do bacharelato de persoas adultas LOXSE e ten materias pendentes de 2º curso ou de 1º e 2º       | Recuperará soamente as materias non superadas, de acordo co currículo LOE. Por última vez durante o curso 2010/2011 non terá que cursar a materia obrigatoria de modalidade LOE  |
| Cursou bacharelato de persoas adultas LOXSE pero non superou ningunha materia                            | Incorpórase ao bacharelato LOE a todos os efectos.   |
| Procede do bacharelato de adultos LOE  | Continúa os seus estudos de acordo co currículo LOE a todos os efectos.  |

#### 4.- Acceso a Universidade.

No curso académico 2010/2011 a realización das PAAU constará de dúas fases: proba común e proba específica.

**PROBA COMÚN:** O alumnado examínase de todas as materias comúns (lingua galega, lingua castelá, Inglés ou Francés, Texto Histórico ou Filosófico) e dunha materia modal. Esta parte é obrigatoria. A Puntuación máxima será de 10 puntos.

**PROBA ESPECÍFICA:** Os/As alumnos/as examínanse de todas as materias modais que queiran, pero soamente se terán en conta as dúas notas máis altas. A nota obtida no exame multiplícase por **0,2** (materias de modalidade de 2º de bacharelato que se consideraban ata agora vinculadas ás vías de acceso á universidade) ou **0,1** (resto de materias modais). A Puntuación máxima desta proba será de 4 puntos. Esta proba, que é voluntaria, soamente será válida durante 2 anos.

A nota final para acceder á Universidade calcularase tendo en conta o 60% da nota do expediente de bacharelato e o 40% da nota obtida nas PAAU.

Para unha información máis detallada poden visitar a páxina:

<http://ciug.cesga.es/marcoacceso.html>

#### 5.- ¿Onde podo realizar a matrícula?

A matrícula de Bacharelato a distancia pódese realizar:

\* Na secretaría de IES San Clemente, de Santiago de Compostela, rúa San Clemente, s/n, 15705, Santiago de Compostela, teléfono 981 58 04 96

\* Na web: **[www.edu.xunta.es/xadeautomatri](http://www.edu.xunta.es/xadeautomatri)**. Para calquera aclaración ou consulta da aplicación estarán a súa disposición David Iglesias e Carolina Varela no teléfono 981580496

Despois de completar a matriculación nesa páxina web, **deberá entregar a documentación** do sobre de matrícula na secretaría do propio IES San Clemente (Santiago de Compostela) ou na dos centros públicos de educación e promoción de adultos das catro provincias:

A Coruña: Centro EPA Eduardo Pondal, rúa Pepín Rivero s/n, CP 15011, teléfono 981 27 80 35.

Ferrol: Centro EPA Sta. María de Carranza, rúa Luís de Requeséns, s/n, CP 15406, teléfono 981 33 30 17.

Lugo: Centro EPA Albeiros, Parque da Milagrosa s/n, CP 27003, teléfono 982 21 60 33.

Ourense: Centro EPA, rúa Álvarez de Soutomaior, 4, CP 32002, teléfono 988 24 38 34.

Pontevedra: Centro EPA, Avda. De Buenos Aires nº26, CP 36002, teléfono 986 86 15 86

Vigo: Centro EPA Artes y Oficios, rúa Marqués de Valterra nº8-1º, CP 36202, teléfono 986 22 55 79.

Tamén se pode recoller o sobre de matrícula en calquera dos centros EPA, introducir nel toda a documentación que se relaciona no programa de matrícula Web, e enviálo ao enderezo:

**IES San Clemente**  
**(Matrícula Bacharelato)**  
**R/ San Clemente s/nº**  
**Santiago de Compostela**  
**15705 A Coruña**

## **6.- Prazo de matriculación:**

**Do 10 de setembro ao 30 de outubro ambos incluídos** (Só se poderán realizar matrículas fóra de prazo polas causas legalmente establecidas, debendo solicitálo por escrito e dirixido á Dirección do IES San Clemente).

**Nota importante:** O calendario de exames e titorías estará á disposición dos alumnos/as no IES San Clemente e nos Centros EPA na primeira semana de outubro; tamén será publicado na páxina web: [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net) que deberá ser consultada, continuamente, polo alumnado ao longo do curso como medio de comunicación oficial do centro.

## **AULA VIRTUAL**

O alumnado matriculado nestas ensinanzas debe darse de alta na Aula Virtual que hai na páxina web do IES San Clemente, coa finalidade de seguir o proceso de aprendizaxe a través das guías electrónicas e como medio de comunicación co profesorado. Os pasos a seguir son os seguintes:

- 1-** Entrar en [www.iessanclemente.net](http://www.iessanclemente.net)
- 2-** Pulsar en Rexistrarse (alumnos/as)
- 3-** Poñer o número do DNI coa letra, sen guión e sen espazos, e a data de nacemento co formato **aa/mm/aaaa** entre barras. Por exemplo 28/06/1978
- 4-** Pulsar aceptar e cumprimentar todos os datos que se solicitan. A clave terá entre 5 e 10 letras
- 5-** A partir de agora poderá entrar na páxina principal poñendo como usuario o número do DNI e como contrasinal a clave que puxo anteriormente (no apartado 4)